



TELLEIRAS DE AROUSA SUR

Adela Leiro, Mon Daporta
SETEMBRO 2024



Distancia: variable (1 xornada ou máis)
Dificultade: baixa



Telleira de Seixiños na actualidade.



Na banda sur da ría de Arousa, e ao sur das desembocaduras dos ríos Ulla e Umia, atópanse grandes depósitos de arxila que foron explotados desde tempos antigos até case a actualidade, e esta actividade tivo un grande interese na etapa pre-industrial, a de transición entre a elaboración artesanal e a instalación das grandes industrias de elaboración de materiais de construción que usaban o barro como materia prima.

Foi unha época na que nestas dúas zonas –ao sur do Ulla, nos concellos de Valga e Catoira, e ao sur do Umia, nos concellos de Cambados, Meaño, Sanxenxo e O Grove– desenvolvían a súa actividade unhas 50 telleiras, instalacións de traballo artesanal nas que as cuadrillas de traballadores, da contorna e do baixo Miño, na tempada de verán (pola necesidade de poderen contar co tempo seco e solleiro preciso para poderen secar os materiais antes de sometelos á cocedura), facían co barro: tellas, tixolos de diferentes formas e con distintas aplicacións, baldosas e outros elementos (pezas para a ventilación dos hórreos).

As instalacións, ao ser de uso temporal, estaban armadas con materiais precarios que se deterioraban facilmente polo que apenas quedan restos, a non ser o forno, que era sempre unha construción sólida e adoita ser a parte que se conserva.

PERCORRIDO

Por coñecelas podemos visitar os sitios nos que se asentaban (sempre á beira do mar, que lles servía para facilitar a chegada de materiais e a saída dos produtos por transporte marítimo), algúns restos postos en valor ou “rehabilitados”, e/ou por gozar das paisaxes, das camiñadas e doutros elementos e valores da contorna.

As de **Catoira e Valga**, que se atopan moi próximas entre si, aséntanse no esteiro do Ulla e podemos chegar a elas por unha ruta que sae de preto das Torres de Catoira.

As do **Salnés** atópanse moi espalladas ao longo do litoral do seo do Umia (espazo natural protexido como LIC, ZEC, ZEPA e Humidal Ramsar), e como o traxecto é longo temos que facelo en coche con desvíos e camiñadas desde a estrada que vai de Cambados a O Grove. Desde Cambados, en **Castrelo**, desviándonos ao Facho onde hai dúas rehabilitadas pero pouco coidadas. En **Dena**, á saída da localidade, na rotonda, imos á dereita até a zona de lecer que hai na desembocadura do río da Chanca, desde alí cruzamos a ponte e pola beira do mar temos, a 700 m, a telleira de **Seixiños**, a última que funcionou. De volta onde deixamos o coche imos agora pola beira do mar á esquerda e, a 500 m, temos o centro de interpretación, pechado, ao pé do que hai o forno de telleira máis grande da zona. A do **Grove** atópase despois de pasar o istmo da Lanzada sinalizada cun indicador á dereita dunha rotonda.

Concellos: Valga, Catoira, Cambados, Meaño, Sanxenxo e O Grove.

Hórreo
construído
con pezas
feitas nas
telleiras.



Posta en valor e acondicionamento da contorna da telleira do Roeiro (Vilar-Valga) 2023.




Rehabilitación da telleira de Vieites no Facho (Castrelo-Cambados).



Telleira de González no Facho (Castrelo-Cambados) no ano 1982.



Telleira de Noia en Seixiños (Dena-Meaño). Imaxe do ano 1987, o último no que traballou.



FERRAMENTAS E APARELLOS DOS TELLEIROS OU CABAQUEIROS